

A filla que aleita ao pai ou a Caridade Romana Fortuna deste conto na tradición oral e iconográfica de Galicia

Antonio Reigosa
Museo Provincial de Lugo

O neno que mama o meu peito
é o avó dos meus fillos
e o home da miña nai;
adiviñe, señor rei,
e, se non, solte ó meu pai.
Martín 1985: 214

Esta historia é coñecida desde antigo con diferentes nomes: «Cimón e Pero», «Micón e Pero», «Micón e Perona», «Cimón e Xantipe»¹, «Caridade Romana», «A Piedade Filial» ou, entre outros máis, «A filla piadosa». Trátase dun vello mito, probablemente grego ou anterior no que se recrea o aleitamento dun pai ou dunha nai, condenados a morrer de fame na cadea, por parte da filla que libera así ao proxenitor do cárcere e, sobre todo, dunha morte certa por inanición.

O tema vai ter enorme difusión xa na época romana e especialmente, a partir do Renacemento pois, á marxe de consideracións de tipo moral ou relixioso, este acto virtuoso, esa obriga filial suscitou conflitos e prexuízos de orde moral en relación co incesto, un dos grandes tabús universais.

As interpretacións do relato variaron segundo o cristal moral e relixioso de cada época. Para os romanos tratábase dunha alegoría da caridade ou da piedade filial como amosan tanto os textos como as representacións iconográficas da época que se conservan. A igrexa católica quixo reinterpretar

¹ *Xanthippe* é o nome da esposa do filósofo grego Sócrates, segundo Hixinio (64 a. C. – 17 d. C.), fábula 254. Era unha muller nova e de mal carácter, que maltrataba ao marido polo que quedou na historia como exemplo de muller insolente e irrespetuosa.

o tema, apropiarse da escena da Piedade ou Caridade Romana e adoptala como modelo da caridade cristiá, do amor e da piedade filial. Aínda que tardiamente, o papel da muller que amamanta adxudicoullo á Virxe, e quen recibe o alimento do seu peito pode ser (ademais do neno Xesús) un adulto, un santo varón, como nos conta unha coñecida lenda medieval e a iconografía da «Lactatio de San Bernardo», tema moi divulgado a partir do século XIII.

O monxe beneditino Bernardo de Claravall ten ciumes do Neno Xesús e a Virxe aparta o pezón da boca do neno para envíalle un chorro de leite aos beizos. Esta visión do futuro santo Bernardo interpretouse desde a ortodoxia como a maneira escollida por Deus para transmitirle ao monxe o don da sabeduría e a habilidade para a súa portentosa elocuencia. Esta lenda haxiográfica esquiva a relación de parentesco “de sangue” ou “de leite” entre os actores e mesmo descoida calquera referencia á necesidade física de alimento por parte do adulto.

Dicimos que a Igrexa lle adxudicou tardiamente á Virxe o papel de «deusa» avogosa da lactancia pois convén lembrar aquí primitivas versións da haxiografía de San Mamede (Saint Mammant, en Francia, San Mamés ou Mamede en Galicia, San Mamante en Italia, Mamercio, Mamerio, Mamete ou Amede en diversos puntos da xeografía ibérica). Segundo a lenda, este santo apócrifo, nacido supostamente na rexión da Capadocia, actual Turquía, no século III d. C. quedou orfo sendo bebé e foi amamantado por unha rica dona. Cando mozo el mesmo encontrou un bebé abandonado e, non tendo que darlle de comer nin habendo muller para aleitalo, pediu e recibiu de Deus (ou do ceo) a graza de que lle medrasen os peitos e que verquesen o leite suficiente para alimentar a criatura e salvala así da morte (Sandre-Pereira 2003: 469).

Este milagre convertiu a Mamede en santo protector da lactancia feminina, recibindo culto como tal no Oriente bizantino (Constantinopla, Chipre, Grecia) e en Europa (en Italia e Francia, e tamén en España e Portugal). Xa no século VIII, consagrouse a San Mamede a catedral de Langrés, no leste da Francia, onde conservan, ao parecer, o seu cráneo. Este santuario convertiuse no principal centro espiritual do culto a este santo en Occidente, santuario ao que acodían, por certo, as mulleres embarazadas para pedirlle ao santo producir bo e abundante leite para as súas criaturas. Segundo

outras versión, o seu cráneo, ou parte del, estaría en Zaragoza, e segundo outra referencia outro anaco gárdase nun asilo de Bilbao.

A partir da Idade Media, a Virxe María substituíu a San Mamede neste cometido e foi desde entón, aos ollos da ortodoxia, a encargada de protexer a maternidade e a lactancia.

Hai un proverbio árabe que di que «O leite vén do home», o que, por outra parte, foi crenza aceptada e divulgada xa nos tempos de Aristóteles, pensamento que nos derivaría a consideracións que non son motivo deste traballo pero que teñen que ver coa antiga idea de que o leite da muller non deixa de ser unha transformación do esperma do home. E tamén nos levaría ao debate sobre o chamado “parentesco de sangue” ou “parentesco de leite” e a relación destas ideas co tabú universal do incesto.

AS PROPIEDADES DO LEITE DE MULLER

Aínda que sexa brevemente, convén ter en conta que o leite de muller se considerou desde antigo idóneo para curar doenzas de humanos adultos. Plinio, o Vello, recoméndao para as enfermidades dos ollos e para combater a fatiga dos vellos. Na *Enciclopedia* de D’Alambert e Diderot considérase útil contra o marasmo (un tipo de desnutrición) e a tuberculose. Se cadra estas crenzas son pervivencias de primitivísimas representacións simbólicas dalgunha deusa amamantadora, unha divindade nai que acollería a persoas mortas para revivilas grazas ao «leite da inmortalidade».

Sábese que hai crías femias dalgúns animais que poden chegar a aleitar aos seus proxenitores en caso de necesidade. No antigo Exipto practicábanse ritos de adopción de adultos, sen haber parentesco, por aleitamento simbólico. Tamén entre os antigos exipcios, Isis amanta a Horus, e en Etruria representábase o mito de Hera e Hércules como o aleitamento involuntario, ás veces dun neno (orixe mítica da Vía Láctea), ás veces dun adulto. Con protagonistas humanos cóntanse casos supostamente reais sucedidos na Grecia de Alexandre (século IV a. C.), os mesmos seguramente que se difundirían en Roma a partir do século I a. de C.

Afonso X (século XIII) nas súas *Cantigas de Santa María* refire por dúas veces o prodixio obrado polo leite da Virxe: na cantiga nº 54 «Esta é de

como Santa Maria guaryu con seu leite o monge doente que cuidavan que era morto», e na cantiga nº 93, «Como Santa Maria guareceu un fillo dun burges que era gafo».

O escritor Jean François Marmontel publicou en 1777 unha novela titulada *Los incas o la destrucción del Imperio del Perú* na que conta (capítulo 43) como o frade dominico Frei Bartolomé de las Casas (1472-1566), estando moribundo, recibe a visita dun cacique indio que fora convertido por el ao cristianismo. O cacique asegúralle que o seu mal, a pesar da gravidade, pode ter cura, e que el coñece o remedio, que non é outro ca mamar leite directamente do peito dunha muller. Casualmente, a esposa do cacique, unha india fermosísima que estaba recién parida e perdera o fillo, estaba alí para atendelo. De primeiras, o frade rexeita o ofrecemento pero acaba deixándose convencer, e en presenza de Francisco de Pizarro e doutros homes mama do peito da india e acaba curando daquel mal.

Este sucedido narrado por Marmontel foi recreado por artistas como o escultor chileno José Miguel Blanco (1839-1897) quen realizou unha escultura en mármore que se expón no Museo O'Higginiano de Talca, en Chile, e que leva por título «El Padre Bartolomé de las Casas amamantado por una india».

A CARIDADE ROMANA NAS FONTES LITERARIAS ANTIGAS

A referencia literaria máis antiga da que temos noticia é anterior ao ano 79 a. C. Vén na *Natural Historia* de Caio Plinio Segundo (libro VII, cap. XXV), baixo o título «Da Piedade». Conta Plinio que había en Roma unha moza plebeia que estaba aleitando un fillo e tiña á súa nai no cárcere privada de comida. Á filla permitíasele visitala a diario pero sen alimentos. Cando se descubriu que a filla mantiña viva á nai dándolle leite do seu peito, a muller foi liberada e no mesmo lugar, en memoria daquel suceso, ergueuse o templo da deusa Piedade, soar onde tempo despois se construíu o teatro de Marcelo que aínda se conserva parcialmente na actualidade.

Cronoloxicamente séguelle a referencia que vén nun dos nove libros de exemplos e virtudes morais *Factorum et dictorum memorabilium* do escritor e historiador latino Valerio Máximo (séculos I a.C - I d. C.) onde aparece o tema baixo o título «Da piedade para cos pais».

Valerio Máximo conta nesta obra, escrita entre o 28 e o 32 d. C., dúas historias case idénticas. Nunha delas reproduce o mesmo sucedido que conta Plinio: a moza, de nome Pera, consegue liberar á nai, que fora recluída e condenada a morrer de fame, dándolle leite do seu peito. Na outra historia preséntanos a Micón, pai de Pera, un home maior e tamén preso nunha cadea que debía haber en Roma no Foro Holitorio, mesmo debaixo do templo dedicado a Venus Sospita (A Salvadora). No mesmo lugar construíuse máis adiante a igrexa católica de *San Nicola in carcere* dedicada, precisamente, á piedade filial. A filla ofrécelle ao pai o peito clandestinamente e, tal e como sucedera coa nai, acaba sendo indultado en recoñecemento do amor amosado pola filla: «Idem praedicatum de pietate Perus existimetur, quae patrem suum Mycona consimili fortuna adfectum parique custodiae traditum iam ultimae senectutis velut infantem pectori suo admotum aluit²».

Parece que en Roma a atención aos proxenitores era considerada un valor primordial na formación das persoas e o ensino da súa práctica ilustrábase con exemplos ou modelos a imitar, ata tal punto que nalgúns dormitorios infantís exhumados na cidade de Pompeia aparecen representacións desta escena.

Foi a partir da divulgación da obra de Valerio Máximo, a finais do século XV, cando se recuperou o tema da Caridade Romana como exemplo dos valores dos tempos clásicos, aínda que entón tamén había grave perigo de ser censurada pola posible relación co delicado tema do incesto. A plástica do Barroco revisaría profundamente esta iconografía, de maneira que o home aparece rexuvenecido, e xa non é tan explícita a referencia ao parentesco de sangue facéndose o centro de interese un erotismo disimulado, pero evidente.

Xa o propio Valerio Máximo se decatara desta variante interpretativa cando comenta, en alusión á imaxe dun fresco de Pompeia, o seguinte:

Os ollos dos homes quedan fixos e estupefactos cando contemplan un cadro sobre este tema, e coa admiración da representación actual reviven a situación

² Na mesma consideración hase ter a devoción filial de Pero, que ao seu propio pai Micón, cando este sufriu unha similar desgraza e igualmente estaba confinado en prisión cunha idade moi avanzada, aleitouno, achegándoo ao seu peito como un bebé.

do antigo suceso, créndose que naqueles mudos trazados de figuras están a contemplar seres que viven e respiran.

Plinio, Valerio, Hixinio e outros autores reproducen estas anécdotas en textos datados entre os séculos I e III d. C., tanto a versión da suposta orixe grega, a protagonizada pola nai, como a romana, que sería a protagonizado polo pai ancián.

Nono de Panópolis, o poeta exipcio que no século V escribe en grego as *Dionisiacas*, o gran poema épico dedicado a Dionisos, conta do príncipe indio chamado Tectafos que sendo preso e condenado a morrer de fame por Deriades, o rei de Boling, sobrevive grazas ao leite que lle subministra do seu peito a súa filla Eria.

A CARIDADE ROMANA NA LITERATURA POSTERIOR AO RENACEMENTO

No século XIV, Giovanni Bocaccio dá a coñecer a obra *De claris mulieribus* (1362) e no capítulo LXV titulado «De romana iuvenula», recrea a historia do aleitamento dunha nai por parte da filla.

Con todo, vai ser o relato no que é o pai o aleitado o que terá máis fortuna e o que se vai reproducir varios centos de veces tanto na pintura, como na escultura, así como en relevos, porcelanas, cerámicas, gravados, moedas ou debuxos. E tamén, reiteradamente, a través da transmisión oral e escrita.

A razón decisiva para explicar esta popularidade do tema, polo menos na Península Ibérica, radica nas sucesivas traducións e recreacións de textos onde aparece o tema. A primeira é de 1395, neste caso ao catalán e da obra de Valerio Máximo *Factorum et dictorum memorabilium*, da autoría do dominico valenciano Antoni Canals. Séguenlle, entre 1416 e 1427, a primeira versión deste mesmo texto en castelán, de Juan Alfonso Zamora, secretario de Juan II, e outra inmediatamente posterior de Mossen Ugo de Urriés, datada en 1495. A influencia do texto de Valerio Máximo na mentalidade hispana do século XV como consecuencia desas traducións debeu ser moi importante. Mais o tema tamén aparece na compilación datada en 1435 de Clemente Sánchez del Vercial coñecida como *Libro dos exemplos por a. b. c.*, nº 171 e nº173. E do

século XVI é a recreación en oitavas reais de Francisco de Guzmán en *Triunfos Morales* (1565), a única vez que se recrea en verso e co protagonismo da nai:

A muerte fue por mala condenada
 la madre de la hija mas piadosa,
 que Tulia mas arriba ya nombrada
 la hija de Seruilio maliciosa:
 La qual muger en carcel encerrada
 por no le dar la muerte vergonçosa
 querian que de hambre se muriesse
 do nadie su pecado conociesse.
 La hija de la qual entrar podia
 a verla cada ora que quisiesse,
 mirandola contino si metia
 viandas a la madre que comiesse:
 Mas viendo ya que muerta ser deuia
 busco la guardia modo que pudiesse,
 secretamente ver de que manera
 biuia la cuytada prisionera.
 Y solas otras vez las dos estando
 miro por cierta parte muy secreta,
 y vio la triste madre que mamando
 la hija sustentaua con la teta:
 Lo qual el carcelero publicando
 mandaron por justicia harto recta,
 que fuesse por la hija ser tan buena
 la mala madre libre de la pena.

Tamén a recrearon Diego de Yepes en *Discurso de varia historia* (1592), Alonso de Villegas en *Fructus sanctorum* (1594), quen dá conta das dúas versións, e Pero Sánchez en *Triángulo de las tres virtudes theológicas* (1595). En 1796, Pedro M^a Olive en *Las noches de invierno* fai mención da historia protagonizada polo pai.

Entre os escritores dos séculos XIX e XX, e para non facer excesivamente longa esta relación, mencionamos a Guy de Maupassant (1850-1893) quen fai uso do tema no conto titulado «Idilio», aínda que non se trata dunha escena de amor ou piedade entre parentes. Sucede nun tren, no traxecto entre Xénova e Marsella, onde coinciden un mozo e unha moza que acababa de parir e que deixara os fillos ao coidado dunha irmá para ir atender un traballo de aia. Ela non pode resistir por máis tempo aliviar os seus peitos e o mozo, que ten moita fame, ofrécese gustoso a evitarlle aquel padecemento.

Por último, Lord Byron (1788-1824) no canto IV de *Childe Harold* (1812-1818) e Jonh Steinbeck (1902-1968) en *As uvas da ira* (1939), tamén fan uso deste motivo.

A CARIDADE ROMANA NA PINTURA

As máis antigas representacións que coñecemos deste tema son catro pinturas parietais, dúas terracotas figurativas e un fragmento de cerámica de *terra sigillata* con decoración en relevo que se atoparon na cidade aterrada de Pompeia. A maioría das representacións pictóricas pertencen xa ao período do Renacemento, e son de autores, sobre todo, das escolas holandesa, alemá, francesa e italiana. Pouco representado, sen embargo, por artistas españois da época, coa excepción de Murillo (1617-1682) e Jusepe Ribera (1591-1652), pois os vixías da Santa Inquisición non permitían tanta deshonestidade expresiva. Moitas destas obras poden contemplarse nos principais museos de Europa e mesmo nalgún americano.

Entre o séculos XV e XVI, recrean o tema da «Caridade Romana», entre outros moitos: Barthel Beham (1502-1540), Perino del Vaga (1501-1547), Francesco Primaticcio (1504-1570), Hans Sebald Beham (1500-1550) (autor de numerosos debuxos e gravados), Georg Pencz (1500-1550), Bernarndo Luini (1480-1532) e Guercino (1561-1666). Entre os séculos XVI e XVII fano tamén Dirk van Baburen (1595-1624), Gaspar de Crayer (1584-1669), Willen van Poorter (1620-1630), N. Tornioli (1598-1651), Charles Mellin (1597-1649), Carlo Nuvolone (1609-1702), Giovanni Andrea Sirani (1610-1670), Francesco Cozza (1630-1680, Lorenzo Pasinelli (1629-1700), Carlo Cignani (1690-1700) e Pedro Camacho (1644-1716). No século XVII

Rubens pintou arredor de trinta versións sobre o motivo, a primeira datada en 1612 (pódese ver no Museo do Hermitage de San Petesburgo). Caravaggio tamén o reproduce no seu *Pio Monte della Misericordia*, que está en Nápoles. Xa no século XIX, Diego Monroy Aguilera, pintor cordobés, pinta a mesma escena, igual ca, entre outros, Jans Jansen (1814-1853).

A estes nomes habería que engadir unha longa nómina de artistas de todos os xéneros, dos que se contabilizaron varios centos de representacións, e actualmente o fotógrafo checo Jan Saudek, experto na *erótica da miseria*, ou Milo Needles, artista mexicano actual, continúan representando o tema.



A CARIDADE ROMANA NA ESCULTURA

Antoni Solá (1780-1861), o último escultor neoclásico catalán é o autor dunha escultura en mármore realizada no ano 1851, depositada durante moito tempo no Museo de Bellas Artes de Castelló e agora no Museo do Prado. No recibidor da Biblioteca Nacional de Madrid houbo un grupo escultórico coa esa

representación, segundo nos lembra o filólogo José Fradejas Lebrero (2007-2008: 148). Na cidade de Gante hai un relevo coroando a fachada da antiga vivenda do carcereiro dunha prisión do século XVIII que se coñece como Mammelokke, o que se pode traducir como «O home amamantado» ou «O home que mama». Este edificio está situado ao lado do Lakenhalle, antiga lonxa do pano, e da Torre Municipal.

A isto habería que engadir unha extensa relación de artistas que recrearon a escena usando diferentes soportes e técnicas artísticas, desde bronces, cerámica de farmacia do século XVI ou porcelanas fabricadas pola *Real Fábrica de Porcelanas del Buen Retiro*, ou a *Chelsea Porcelain Factory*, ambas do século XVIII. Así mesmo, foi reproducido en marcas de impresor e tamén no teatro francés do Renacemento.



A CARIDADE ROMANA NO CINE

Apuntamos a referencia dunha película recente dedicada integramente á Caridade Romana, a curtametraxe *La Charité Romaine* (2008) producida e dirixida pola nova directora francesa Cheyenne Carron. A propia cineasta conta

como un día entrou no Museo de Louvre e viu a pintura que reproduce o tema da autoría de Jean-Baptiste Greuze (1725-1805), e que non puido resistir escribir esa mesma noite o guión; e aos poucos meses fixo a película [<http://www.cheyennecarron.com/film3.php>].

Por outra parte, o aleitamento de adultos, sen haber relación de parentesco, é recorrente no cine. Lembremos a película *El crimen de Cuenca* (1979) da directora española Pilar Miró, filme que recrea un suceso real de principios do século XX, un grave erro xudicial provocado por unha declaración de culpabilidade obtida mediante torturas pola garda civil. Nunha das escenas o preso esfameado é alimentado, neste caso pola esposa, co leite da muller. Á marxe, comentamos que esta foi a única película española secuestrada militarmente en tempo de Democracia, e non se permitiu a súa estrea oficial ata 1981.

O tema tamén se recrea na versión cinematográfica da novela de Jonh Steinbeck, *As uvas da ira* dirixida por John Ford en 1940.

A CARIDADE ROMANA NA PLÁSTICA GALEGA

Sabemos de catro representacións da Caridade Romana en Galicia, aínda que é probable que se vaian descubrindo algunhas máis. A máis coñecida é o grupo escultórico situado orixinalmente dentro do recinto dos xardíns do *Parque do Pasatempo* de Betanzos (A Coruña). Agora o grupo foi disgregado e a parte correspondente á Caridade Romana sitúase nun espazo público próximo, pero fóra do recinto do parque. A obra é do ano 1893, foi elaborada en mármore de Carrara e atribúeselle a un autor anónimo italiano. Representa, efectivamente, tal e como se indica nun rótulo, a alegoría de La Caridad. Na escena aparece unha muller nova que sostén na man dereita un micrófono de telefonía polo que semella falar mentres dá de mamar do seu peito a un home anciá. O detalle do micrófono de telefonía permite relacionar esta obra con outra escultura que tamén estivo nos vellos xardíns do parque e que agora se pode contemplar na praza da vila e que leva o nome dos irmáns García Naveira, os filántropos que financiaron o Parque do Pasatempo e outras moitas obras na súa vila natal. Esta segunda escultura representa os dous irmáns

García Naveira con Juan, o verdadeiro artífice do Parque, sostendo un auricular telefónico no seu oído dereito (Mariño 2000: 425).



Parece ser que na situación orixinal ambas esculturas estaban tan próximos que resultaba facilmente perceptible que Juan García Naveira e a

muller que aleita ao ancián (A Caridade) mantiñan unha conversa telefónica mentres o outro irmán, Jesús, sinala co seu dedo o asilo fundado por eles, o que se interpreta como que ese é o lugar onde debera ser acollido o vello.

Outra representación do tema é pictórica, e está exposta nun dos cuartos visitables do Museo Pazo de Tor, no concello de Monforte de Lemos (Lugo). O lenzo coñécese como «A Caridade» e supoñemos que pode ser copia da obra homónima de Bartolomé Esteban Murillo, ou da estampa realizada imitando o lenzo por Tomás López Erguíanos en 1809 (Paredes 2006: 811-812). Esta copia foi retocada por man recatada para disimular cunha prolongación do vestido o bico dereito do peito da muller.

Segundo nos comunicou a museóloga Covadonga López de Prado Nistal, autora dun valiosísimo e documentado traballo (López de Prado 2004) sobre a presenza do tema da Caridade Romana na arte galega sabemos que no edificio da Reitoría da Universidade de Santiago de Compostela existe un óleo sobre lenzo de regular tamaño (164 x 270 cm.), suposta copia anónima da obra de Murillo sobre o tema datada en 1658.

E por último, a mesma investigadora informounos da existencia na colección privada García-Armero da Coruña dun gravado datado en 1578 cunha marca tipográfica de autor anónimo, propiedade do impresor parisino Sebastián Nivelles. Trátase dun xeroglífico no que se representa a iconografía da Piedade Filial en dúas escenas, nunha coa nai sendo amamantada pola filla e noutra co pai, xunto co lema bíblico tomado do Libro del Éxodo, capítulo 20: «*Honora patrem tvvm, et matrem tvan ut sis longaevvs svper terram*»³.

A CARIDADE ROMANA NOS CATÁLOGOS TIPOLÓXICOS DO CONTO ORAL

No catálogo tipolóxico internacional *The types of the Folktale*, de A. Aarne, revisado por S. Thompson e por Hans-Jorg Uther, correspóndenlle o tipo ATU 927, subtipo b, motivo H 807 («A filla piadosa alimenta á súa nai/pai encadeada encadeado») e o tipo ATU 985* («A filla amamanta ao seu proxenitor. Caritas Romana»). No índice de Boggs correspondente aos contos de tradición oral do mundo hispano aparece adscrito ao tipo 927* A.

³ Honra a teu pai e a túa nai para que teñan longa vida sobre a terra.

No *Catálogo tipológico del cuento folklórico español (Cuentos-novela)*, de J. Camarena e M. Chevalier (2003: 345-346) só aparece referencia do tipo 927 (b): [La adivinanza de la hija del preso: «Primero fui hija, luego fui madre»] dentro do subgrupo de contos de palabras ou acción intelixentes. O texto reproducido como exemplo procede de Estremadura, sitúa a acción nos tempos da Inquisición, os personaxes protagonistas son o pai e a filla, e presenta a particularidade de que a filla non pariu polo que o leite que brota da súa mamila sae como consecuencia da forza que exerce o pai ao succionar. Contén a proba da adiviña que, ao non ser resolta polos inquisidores, supón a liberación do pai.

Neste mesmo catálogo dáse noticia de versión orais procedentes de case toda a xeografía da península ibérica, tanto de España (Amades, 441), (Espinosa, 17), (Rodríguez Marín, *Cantos populares españoles*, 941) como de Portugal, con versión rexistradas por Cardigos, Coelho e Da Silva, xunto a varias versión procedentes de países do norte, centro e sur de América, e outras recreacións literarias. Cítase como referencia de versión galega a publicada en *Contos do Valadouro* (Pisón, Lourenzo, Ferreira 2005: CCL).

A CARIDADE ROMANA NOS TEXTOS ORAIS GALEGOS

Como se pode comprobar nas obras de referencia citadas e no que atinxe á traizón oral este relato progresou de tres maneiras diferentes: como adiviña, como conto con enigma ou tan só como conto.

E o mesmo sucede na tradición oral galega. Existe, que saibamos, unha soa versión como adiviña, recompilado ao noroeste de Galicia, e seis versión máis en prosa. Unha destas procede do norte do país, O Valadouro, outra do suroeste, concello de Tui, e catro máis que foron recompiladas na parroquia de Tebra, no concello de Tomiño, situado tamén ao suroeste de Galicia.

A versión máis antiga das rexistradas ata o de agora en Galicia ten precisamente forma de adiviña e figura no libro de Paco Martín, *Que cousa é cousa? Libro das adiviñas* (1985):

O neno que mama o meu peito
é o avó dos meus fillos

e o home da miña nai;
 adiviñe, señor rei,
 e, se non, solte ó meu pai⁴

Unha vez consultadas as notas do traballo de campo, Paco Martín comunícanos que esta adiviña procede dalgún lugar do noroeste de Galicia, da comarca ocupada polos concellos de Santa Comba, Mazaricos e Negreira. A muller que nola transmitiu, que non era vella, non sabía cal era a solución, soamente o propoño, o que deixa ben clara a súa procedencia de relato oral.

A orixe destas adiviñas é moi antiga como amosa Adolf de Ceuleneer (1919: 184) cando nos dá noticia dun enigma de época bizantina que se conserva no Cod. Paris 2991-A, e que segundo o mesmo investigador aínda podía escoitarse no Peloponeso a principios do século XX: «Aquel que foi noutros tempos o meu pai é agora o meu fillo; se a miña sorte é favorable, será de novo o meu pai; pero se a miña sorte é desfavorable será de novo o meu fillo. Dádeme o meu fillo, el é o esposo da miña nai».

Adolf de Ceuleneer (1919: 187-188) dá conta no mesmo traballo de adiviñas semellantes procedentes de Alemaña, España, Italia, Dinamarca, Suecia ou Inglaterra⁵.

Camiño Noia no *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral*, (2010: 500-501), nas notas correspondentes ao tipo 927 dá conta da adiviña publicada por Paco Martín, en *Que cousa é cousa? Libro das adiviñas* (1985), e para exemplificar o tipo 985* (2010: 519-520), publica unha versión inédita procedente da parroquia Tebra, no concello de Tomiño (Pontevedra), que sitúa a acción no século XV, nos tempos de Pedro Madruga (morto en 1486).

O resto do relato é o xa coñecido: o pai, retido no castelo de Tebra por rebelarse contra o cobro abusivo de rendas por parte de Pedro Madruga, é condenado a prisión, sen comer nin beber. Unha filla recén parida consegue

⁴ Nunha nota, o autor remite a unha adiviña similar publicada en F. Rodríguez Marín, en 1951: *Cantos populares españoles*, Madrid, 2ª ed., e que di: “Algún día fui hija, / ahora soy madre; / el príncipe que mis pechos crían / es marido de mi madre; / acertarla, caballeros, y sino darme a mi padre”.

⁵ Agradecemos a Camiño Noia as referencias ao traballo de Adolf de Ceuleneer.

amamantalo a través dunha ventá, salvándoo así de morrer de fame. Ao non atopar explicación para a capacidade de supervivencia do pai, o pai é liberado pois considéranlo “imortal”.

Nas notas de referencia do catálogo cítanse outras dúas versións recompiladas en Galicia; a de *Contos e lendas do Miño* (2008), e a publicada en *Contos do Valadouro* (Pisón, Lourenzo, Ferreira 2005: CCL) que reproducimos a continuación :

Un día levaron un home preso, e os carceeiros tiñan orde de non darlle de comer, polos delitos que fixera. E así e todo o home non morría. Entón os carceeiros sospeitaron dunha filla que ía velo decote, e cachéarona, mais non deron con nada que valesse para comer. Con todo e como o home non minguase, axexaron polo ollo da pechadura e viron como a filla lle daba de mamar ao pai, salvándoo de morrer.

Como se pode comprobar, non hai referencia a nomes propios nin a ningún lugar concreto, transformado xa o relato en conto sen localización precisa.

Estoutra versión recollida en Tui (Pontevedra) ou arredores, publicada en *Contos e lendas do Miño* (2008: 68-69), constitúe, en cambio, un exemplo de como debeu circular o tema de boca a orella por aquela comarca, cunha localización precisa e con referencias a personaxes reais. Leva por título «O Ponteciña»:

Alá polo mil cincocentos e pico en Tebra mandaba un rei (sic) chamado Pedro Madruga. No tempo do reinado de Pedro Madruga condenaron a un home chamado Ponteciña por non sei qué dunhas vacas. Foi condenado á goteira da Inquisición, que consistía en colocalo nun lugar determinado onde lle caía unha gota de aceite, outros din que de auga quente, co que o condenado morría a fame.

A filla de Ponteciña acababa de ter un neno e cando ía ver a seu pai amamantábao, alí sempre a cacheaban por se levaba comida e outra cousa non lle podían dar.

Pasados uns días o Ponteciña non morría e Pedro Madruga preguntaba todas as mañás se xa estaba morto.

Logo a filla foi casa por casa dicindo que tal día fosen a un campo chamado da Estoca con todo o gando que tivesen para trocalo polo seu pai. E así foi. Tal día xuntouse no campo todo o gando de Tebra e arredores. Mentres, no Castelo, o rei quería saber de quen era ese monte de gando. Un criado preguntou e contoulle ao rei que era do Ponteciña. Pedro Madruga, ao ver tanto gando, pensou que era dun home moi rico e soltouno.

Hai outras tres versión, ademais da incluída por Camiño Noia no seu catálogo (2010: 519-520) , rexistradas tamén na parroquia de Tebra, en Tomiño (Pontevedra), as tres publicadas en *Mitos e lendas de Tomiño* da autoría de Pepe Gude Méndez-Serois (2009: 24), edición do concello de Tomiño.

Na primeira das tres versión identifícase o lugar onde sucede como o castelo de Tebra, residencia dun señor moi poderoso que reclama as colleitas dos veciños. Un deses veciños decide desobedecer polo que que é preso e cando os demais interceden por el, o señor pon como condición para libéralo que o preso resista un mes sen comer. Se así sucedese, o señor do castelo comprométese a repartir as súas terras entre todos. Neste caso é a muller quen lle subministra alimento todos os días (non se fai mención de que tipo de alimento nin de que maneira), e ao señor do castelo non lle queda outra ca deixalo libre e repartir as propiedades entre os veciños.

Na segunda das versión, a situación é practicamente a mesma. Sucede no mesmo castelo de Tebra onde un “señor moi déspota e poderoso” reclama as colleitas. O veciño que encabeza a negativa chámase O Ponteciña, liderazgo que lle vale ser preso e acabar na cadea. Cando os demais veciños piden a súa liberación, o señor comprométese a ceder as súas terras para que as repartan entre todos se o preso aguanta un mes sen comer.

O Ponteciña tiña unha filla recién parida que acudía visitalo cada día e, de paso, dáballle de comer do seu peito a través do enreixado da xanela da prisión. E como na versión anterior, o señor non ten outra opción ca soltar o preso e repartir as propiedades entre a plebe.

E xa por último, a terceira das versión, onde se reitera o xa visto nas anteriores pero con algún elemento máis a ter en conta:

En Tebra hai un castelo que en tempos habitaba un señor moi déspota e moi poderoso, cun dominio sobre a terra e maila xente, ó que os veciños lle tiñan que entregar as súas colleitas.

Un veciño, de nome Ponteciñas, negouse a entregarlle a súa. O señor decidiu encerralo na prisión do castelo. Como os demais veciños lle foran a pedir por el, o señor, ironicamente, propúxolles que se non morría, repartiría as súas terras entre eles.

Alí o tiña encerrado sen darlle de comer, coa idea de que morrese de fame. O tal Ponteciñas tiña unha filla que acababa de dar a luz. E esta tódolos días lle levaba algo de comer e dáballo de mamar por un ventanuco. Sen embargo, isto non era suficiente e o pobre Ponteciñas ía cada día a peor. Entón a filla suplicou que había que liberar a seu pai.

Entre a parroquias de Vilameán, San Salvador e Santa María decidiron xuntar bois e vacas, atarlles uns ramallos e levalos arrastro ata o castelo. Como era no mes de agosto, e había moito po nos camiños, co paso dos animais ergueuse unha poalleira enorme. E, como os animais ían berrando, o señor coidou que eran uns exércitos que acudían na defensa do Ponteciñas e decidiu deixalo ceibe; polo que o prisioneiro non morreu. Así foi como o señor non tivo máis remedio que cumprir a promesa de repartir os seus campos entre os veciños e estes quedaron libres do opresor.

Aparecen aquí reiteradamente referencias a dous personaxes: un señor moi déspota, identificado como Pedro Madruga, e O Ponteciña ou Ponteciñas. Pedro Madruga cítase tamén na versión de *Contos e lendas do Miño* (2008: 68-69), na versión reproducida no *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral* (Noia 2010: 519-520) e na terceira de *Mitos de e lendas de Tomiño* (Gude 2009: 24). O Ponteciña, ou Ponteciñas, un personaxe que coidamos representa a rebeldía contra o poderoso señor, citado na versión de Tui (*Contos e lendas do Miño* 2008: 68-69), e nas dúas primeiras de *Mitos e lendas de Tomiño* (Gude 2009: 23-24).

Do Ponteciña non temos máis referencia que a coincidencia do nome co topónimo Ponteciña⁶, lugar da mesma parroquia de Tebra. Pedro Madruga,

⁶ Hai recreación literaria de A. Reigosa en *O Ponteciña* (2011).

en cambio, é personaxe coñecido. Foi dos últimos señores feudais de Galicia, morto en 1486, un dos obxectivos das revoltas populares do século XV contra os señores feudais. Aínda que nun primeiro momento, o movemento *Irmandiño* tivo éxito e conseguiron derrubar moitas fortalezas dos señores, ou provocaron a fuxida do país de moitos deles, como foi o caso de Pedro Madruga, cando as coroas de Castela e Portugal lles prestaron o apoio económico e militar necesario, estes señores lograron recuperar os seus bens e castigar duramente aos instigadores das revoltas.

Estes sucesos históricos, xunto a outro tan relevante como foi a creación do tribunal eclesiástico da Santa Inquisición a finais do século XV (organismo da igrexa católica baixo o control da coroa para, mediante tortura, promover a delación e castigo de homes e mulleres supostamente herexes, infieis, bruxas e bruxos...), parecen ser as circunstancias históricas de fondo destas versións galegas da Caridade Romana.

Por outra parte, estas circunstancias favorecen e son fermento propicio para o nacemento dun heroe ou dunha heroína popular. Neste caso o protagonista é un ancián que se rebela contra a opresión da mesma maneira que a finais do século XIV fora unha muller, María Castaña, quen protagoniza na cidade de Lugo un suceso parecido,

Por último, o motivo do falso exército ao que se fai mención (Gude 2009: 24) e que provoca que o opresor sexa vencido definitivamente grazas á astucia e o engano do máis débil, afasta a narración do mito e achégaa ao entorno da lenda, e incluso do conto ou da fábula.

CONCLUSIÓNS

Nunha enquisa feita a través do correo electrónico entre persoas coñecidas e interesadas na literatura de tradición oral galega apenas recibimos máis ca referencias imprecisas. Nalgún caso só quedaba na memoria unha lembranza vaga dunha historia escoitada hai moito tempo, de boca dos avós ou doutros maiores, e só nun caso se nos fixo mención dunha posible lectura, esquecida entre a nebulosa da memoria, dun texto narrando un sucedido idéntico, referido a unha presunta historia real do tempo da guerra civil ou da posguerra española.

Poucas veces un texto suscita ao longo do tempo e ao ancho do mundo tanto interese e controversia entre especialistas en disciplinas tan diversas como a arte, a historia, a antropoloxía, a filoloxía, a relixión, a mitoloxía, a literatura e a etnoloxía, etc. e debates sobre asuntos tan delicados como o incesto, a piedade, a caridade ou o erotismo.

A pesar das múltiples revisións, estudos e análises feitas sobre o tema, seguramente a achega máis importante, á que remitimos, foi a dos dous coloquios celebrados na cidade italiana de Urbino nos anos 1996 e 1998 baixo os títulos de «Pietas e Allattamento Filiale . La Vicenda, l'exemplum, l'iconografia» e «Allattamento Filiale. La Fortuna», de cuxas actas publicadas pola editora Quattroventi (1997 e 2000) podemos extraer abondosa e douta documentación desde todos os ángulos de investigación imaxinables. Mais, aínda así sempre nos quedará a sensación de que tras do relato e das iconografías referenciadas vai permanecer oculto por moito tempo algún misterio, algún enigma que non somos quen de desenguedellar.

Con este traballo, agardamos poder ampliar a información da que ata agora dispoñiamos en Galicia para poder seguir indagando sobre o tema. Quedan no aire moitas preguntas que poñen o relato en relación, por exemplo, coa fundación ou localización de cadeas, coa inxustiza dunha xustiza arbitraria, co asoballamento dos máis desfavorecidos, etc. E aínda, e á par de calquera outra cuestión, hai unha interrogante que nos gustaría poder resolver algún día: Quen era O Ponteciña?

Coa axuda de todos, seguiremos procurando unha resposta que nos satisfaga⁷.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

AARNE, A. & THOMPSON, S. (1981). *The Types of the Folktale. A Classification and Bibliography*, tres volumes. Helsinki: Academia Scientiarum Fennica, FF

⁷ Agradecemos as valiosísimas indicacións e os datos facilitados para redactar este artigo por J. Luis Garrosa Gude, Covadonga López de Prado Nistal, Paco Martín, Camiño Noia Campos, José Manuel Pedrosa, Christine Shojaei Kawan e Hans-Jörg Uther. A Xosé Manuel Eyré e a todas as amigas e amigos que fixestes o esforzo de remexer no baúl da memoria.

- Communications, vls. LXXV, nº 184. Primeira version 1928 con revisións en 1964 e 1981.
- ALLATTAMENTO FILIALE. *LA FORTUNA* (2000). Roberto M. Danese, Daniela de Agiostini, Renato Rafaelli e Giola Zaganeli (editores). Urbino: Quattroventi. Colloquio di Urbino, 28-29 aprile 1998.
- BLEUTER, G. (1963). «Adivinanzas de tradición oral en el Norte de Santander (Colombia)». En *Thesaurus*, tomo XVIII, nº 2.
- BOCCACCIO, G. (2010). *De claris mulieribus*, Cátedra, Madrid.
- CAIO PLINIO (1999). *Historia Natural*. Madrid: Visor.
- CAMARENA, J. & M. CHEVALIER (2003). *Catálogo tipológico del cuento folklórico español. Cuentos-novela*. Madrid: Centro de Estudios Cervantinos.
- CARRIZO, J. A. (1933). *Cancionero popular de Salta*. Buenos Aires: A. Baiocco y Cia. Editores.
- CONTOS E LENDAS DO MIÑO (2008). Vigo: A Nosa Terra. Edición de Susana Casal e Xosé López.
- CEULENEER, Adolf de (1920). «La Charité romaine dans la littérature et dans l'art», en *Annales de l'Académie Royale de Belgique*, 67, 6ª serie, t. VIII, Amberes, pp. 175-206.
- DANESE, Roberto M.; Daniela de AGOSTINI, Renato RAFAELLI e Gioia ZAGANELLI, eds. (2000). Ver *Allattamento Filiale. La Fortuna*.
- DANESE, Roberto M.; Daniela de AGOSTINI, Renato RAFAELLI, Settimio LANCIOTTI e Gioia ZAGANELLI, eds. (1997). Ver *Pietas e Allattamento Filiale*.
- DEONNA, W. L. (1955). *Deux études de symbolisme religieux: légende de Pero et de Micon et l'allaitement symbolique; L'aigle et le bijou; A propos du collier d'Harmonie décrit par Nonnos*. Berchem-Bruxelles, Collection Latomus, vol. XVIII.
- DÍAZ GONZÁLEZ, J. (2007). «El seno femenino en la cultura tradicional», *Revista de Folklore*, nº 319, Fundación Joaquín Díaz, pp. 30-36.
- DUQUE, M. (1917). *Flores de dichos y hechos: sacados de varios autores* (ms. del siglo XVII). Valencia: Imprenta de Antonio López y Comp.
- FRADEJAS LEBRERO, J. (2007-2008). «Apostillas al catálogo del cuento tipológico español, II», *ELO. Estudos de Literatura Oral*, nºs 13-14, Centro de Estudos Ataíde Oliveira-Universidade do Algarve, pp. 139-157.

- «GALICIA ENCANTADA». *Enciclopedia virtual da fantasía popular de Galicia*.
[<http://www.galiciaencantada.com>]
- GUDE MÉNDEZ, P. (2009). *Mitos e lendas de Tomiño*. Tomiño (Pontevedra): Concello de Tomiño.
- GUZMÁN, F. (1565). *Triumphos morales*. Alcalá de Henares: Andrés Angulo, fol. 112r-v.
[http://bv2.gva.es/es/consulta/resultados_busqueda.cmd?id=234381&materia_numcontrol=&autor_numcontrol=BVDA20100000397&posicion=1&forma=ficha#infoejemplares].
- HERNANDO, A. (2006). «Las entropías del amor», *Finestra*, Debates 95-Invierno.
[<http://www.alfonselmagnanim.com/debats/95/finestra01.htm>].
- LAGUNA, G. *The girl nursing her own father-la muchacha amamantando a su padre*
[<http://tradicionclasica.blogspot.com/search?q=La+hija+mamantando+a+su+padre>].
- LÓPEZ DE PRADO NISTAL, C. (2004). «*La Caridad Romana en el Arte. Entre la fantasía erótica y la lección moral*», traballo de investigación do Terceiro Ciclo de Estudios Universitarios defendido na UNED, Madrid, maio 2004.
- MANSON, M. (1975). «La Pietas e le sentiment de l'enfance á Roma d'après les monnaies», *Revue Belga de Numismatique et de sigillographie*. CXXI.
[http://www.numisbel.be/1975_2.pdf]
- MARIÑO ESPÍNEIRA, D. (2000). «Mito y utopía: sabiduría pedagógica del Pasatiempo», *Anuario Brigantino*, nº 23, pp. 423-476
[http://anuariobrigantino.betanzos.net/Ab2000PDF/2000_423_476.pdf].
- MARMONTEL, J. F. (1837). *Los Incas o la destrucción del imperio del Perú*. Barcelona: Imprenta de Juan Oliveres. [<http://books.google.es>]
- MARTÍN, Paco (1985). *Que cousa é cousa? Libro das adiviñas*. Vigo: Galaxia, nº 625.
- NOIA CAMPOS, C. (2010). *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral*. Vigo: Servizo de publicacións da Universidade de Vigo.
- PAREDES GONZÁLEZ, J. (2006). «La Caridad en la pintura de Murillo», *La Iglesia española y las instituciones de caridad* (coord. por Francisco Javier Campos y Fernández de Sevilla). El Escorial: Instituto Escorialense de Investigaciones Históricas y Artísticas. Simposium, pp.799-821. [Disponible en internet: <http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2821205>]

- Pietas e Allattamento Filiale. La Vicenda L'exemplum L'iconografia* (1997). Renato RAFAELLI, Roberto M. DANESE e Settimio LANCIOTTI, edits. Urbino: Quattroventti. Colloquio di Urbino, 2-3 maggio 1996.
- PISÓN, X., Lourenzo M. e FERREIRA, I. (2005). *Contos do Valadouro*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
- RAMÍREZ DEL ARELLANO, R. (1928). *Folklore Portorriqueño. Cuentos y adivinanzas recogidos de la tradición oral*. Madrid: Centro de Estudios Históricos.
- REIGOSA, A. «O Ponteciña», *Certame Literario "Terras de Chamoso"*. (2011). O Corgo, Lugo: Asociación Cultural, Arumes.
- SÁNCHEZ, Pero (1595). *Triángulo de las tres virtudes theológicas*. Toledo: T. de Guzmán, 1595. De la virtud de la caridad, fol. 88v.
- SANDRE-PEREIRA, G. (2003). «Amamentação e sexualidade», *Revista de Estudos Feministas*, vol.11, no.2 , pp. 467-497. Disponible en liña: <http://www.scielo.br/pdf/ref/v11n2/19132.pdf>
- TAYLOR, A. (1947/1948). «Straparola's Riddle of Pero and Cimon and Its Parallels», *Romance Philology*, nº 1.4, pp. 297-303.
- UTHER, Hans-Jörg (2004). *The Types of International Folktales. A Classification and Bibliography*. Helsinki: Academia Scientiarum Fennica, FF Communications, tres volumes (CXXXIII, CXXXIV, CXXXV, nº 284, 285 e 286).
- VALERIO MÁXIMO (1632). *Los nueve libros de los exemplos y virtudes.*, Madrid: Imprenta del Reino. Traducción Diego López.
- VILLEGAS, A. de (1594). *Fructus sanctorum*. Cuenca: Juan Masseliu, Discurso V, «De amor de hijos, Extranjeros», núms. 5 e 6.
- YEPES, D. de (1592). *Discursos de varia historia*. Toledo: Pedro Rodríguez Impresor de libros. Discurso IX, § 9, fol. 113b. [<http://biblioteca.universia.net>]

